

Adeus

Adeus, pero ata pronto
adeuses
a deuses invocarei
para que mintan
dicíndome a verdade
de puntos cor carne
que atravesarei
coa miña pluma
máis de tres mil veces
en orxías e bacanaís
repetidas cansamente
fronte ao bote
de latas e cigarros
que formaban as letras
da túa triste despedida
na que insinuaches
marchar
nas que eu non quixen
ver máis que un a deus
rogo que ata pronto
as rosas das miñas pupilas
se dilaten en sombras
escuras ata oitenta e sete veces
ata que non poida dicirche
adeus
porque nese momento
xa non existan as palabras
nin frías nin cálidas.
Mentres non chegue o 33-3-88
Adeus, pero ata pronto.